

LIGA GALEGA DE NATACIÓN BENXAMÍN

Tempada 2011-2012. Circular 11-13.

1.- ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDES.

1.1.- A liga galega categoría Benxamín celebrarase en seis xornadas: catro serán de carácter local, (1ª, 3ª, 4ª e 5ª) e dúas serán de carácter zonal (2ª e 6ª), agrupándose, en ámbolos casos, os clubs participantes atendendo a criterios de proximidade xeográfica. Para as xornadas zonais ver ANEXO.

1.2.- Cada xornada levarase a cabo nunha sesión, que comezará ás 11.00 se é matinal e ás 17:30 se se celebra pola tarde.

1.3.- Polo menos unha hora e media antes do inicio de cada sesión, a piscina deberá estar a disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.

1.4.- As datas serán as que figuran no calendario de natación para a presente tempada.

1.5.- As sedes para as xornadas locais serán designadas pola FEGAN de acordo cos clubs e delegados federativos.

1.6.- As sedes para as xornadas zonais serán as aprobadas na Asemblea Xeral, previa petición por parte dos equipos.

1.7.- A competición celebrarase en piscinas de 25 ou 50 metros.

2.- PROGRAMA DE PROBAS.

| 1ª XORNADA | 2ª XORNADA ZONAL | 3ª XORNADA |
|---|---|---|
| 01- 100 Libre M2002 02- 100 Libre M2001 03- 100 Libre F2003 04- 100 Libre F2002 05- 50 Costas M2002-2003 06- 50 Costas M2001 07- 50 Costas F2001 08- 50 Costas F2002 09- 4x50 Libre M2002-2001 10- 4x50 Libre F2003-2002 | 11- 100 Costas M2002 12- 100 Costas M2001 13- 100 Costas F2003 14- 100 Costas F2002 15- 50 Libre M2002-2003 16- 50 Libre M2001 17- 50 Libre F2003 18- 50 Libre F2002 19- 4x50 Costas M2002-2003 20- 4x50 Costas F2003-2002 | 21- 100 Braza M2002 22- 100 Braza M2001 23- 100 Braza F2003 24- 100 Braza F2002 25- 50 Bolboreta M2002-2003 26- 50 Bolboreta M2001 27- 50 Bolboreta F2003 28- 50 Bolboreta F2002 29- 4x50 Braza M2002-2001 30- 4x50 Braza F2003-2002 |
| 4ª XORNADA | 5ª XORNADA | 6ª XORNADA ZONAL |
| 31- 200 Libre M2002 32- 200 Libre M2001 33- 200 Libre F2003 34- 200 Libre F2002 35- 100 Estilos Indv. M2002-2003 36- 100 Estilos Indv. M2001 37- 100 Estilos Indv. F2003 38- 100 Estilos Indv. F2002 39- 4x50 Bolboreta M2002-2001 40- 4x50 Bolboreta F2003-2002 | 41- 400 Libre M2001 42- 400 Libre F2002 43- 50 Braza M2002-2003 44- 50 Braza M2001 45- 50 Braza F2003 46- 50 Braza F2002 47- 4x50 Estilos M2002-2001 48- 4x50 Estilos F2003-2002 | 49- 200 Estilos Indv. M2001 50- 200 Estilos Indv. F2002 51- 100 Bolboreta M2002-2003 52- 100 Bolboreta M2001 53- 100 Bolboreta F2003 54- 100 Bolboreta F2002 55- 8x50 Libre Mixto M2002-2001 F2003-2002 |

2.1.- Establécese un descanso de 5 minutos antes das probas de remudas.

3.- PARTICIPACIÓN.

3.1.- O presente regulamento está destinado ás seguintes categorías:

- Masculino probas individuais: nados 2001-2002-2003
- Masculino probas remudas: nados 2001-2002
- Feminino: nadas 2002-2003

3.2.- Cada nadador poderá participar en dúas probas individuais e unha remuda como máximo en cada xornada.

3.3.- Cada clube poderá inscribir o número de nadadores que desexe en cada proba, coas seguintes excepcións:

- Nas probas de 400 libre o número de series non poderá exceder de 4.
- Se o número de nadadores inscritos fose superior ao número de nadadores admitidos, inscribíranse inicialmente os 4 nadadores con mellores marcas de cada clube, completándose o resto cos demais nadadores inscritos con mellores marcas acreditadas, independentemente do clube ao que pertencen.

3.4.- Cada clube poderá presentar os equipos de remudas que desexe en cada xornada.

4.- INSCRICIÓNS.

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos (modelo) correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á FEGAN por correo electrónico (inscricions@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, a "acta de preinscrición" que o propio programa xera en formato PDF (preferible) ou DOC.

4.2.- As inscricións deberán acharse en poder da FEGAN antes das 20.00 horas do martes anterior á celebración da xornada correspondente, sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

5.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN.

5.1.- Todas as probas serán disputadas contra o reloxo.

5.2.- A puntuación realizarase na sede da FEGAN, a partir da clasificación xeral da liga. Nesta clasificación non se terán en conta a conversión dos resultados realizados en piscina de 50 metros.

5.3.- Para os efectos de puntuación só se terá en conta como máximo catro nadadores por clube en cada proba individual e un equipo de remudas, con independencia dos que participasen.

5.4.- A puntuación nas probas individuais será: 27, 24, 22, 21, 20, 19, 18, 17, 16, 15, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

5.5.- A puntuación nas probas de remudas será: 54, 48, 44, 42, 40, 38, 36, 34, 32, 30, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2

5.6.- No suposto de que un clube teña clasificados máis de catro nadadores na mesma proba só puntuarán os catro primeiros. Os clasificados despois non serán puntuados, adxudicándose a súa puntuación ao seguinte da clasificación que non sexa dese mesmo clube. Do mesmo xeito, nas probas de remudas só se terá en conta para os efectos de puntuación un equipo por clube.

5.7.- Nas probas de remudas 4x50 costas, todos os nadadores saíran desde dentro do auga.

5.8.- Nas probas de remudas Mixtas, os equipos estarán formados por 4 nenos e 4 nenas.

6.- CLASIFICACIÓNS E RESULTADOS.

6.1.- Unha vez reunidos todos os resultados de cada sede, faranse as seguintes clasificacións:

a) Clasificación masculina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas masculinas.

a) Clasificación feminina. Total puntos acadados en probas individuais e remudas femininas.

c) Clasificación total. Total puntos da suma da clasificación masculina, feminina e máis os puntos das probas mixtas (se existir).

6.2.- As clasificacións anteriores serán realizadas na FEGAN, para o cal os clubes organizadores deberán remitir os resultados de cada sede á FEGAN o máis axiña posible, como máximo deberán estar na federación o martes seguinte á celebración da competición.

6.3.- Os resultados remitiranse á FEGAN a traveso de correo electrónico (resultados@fegan.org).

7.- TÍTULOS E PREMIOS.

7.1.- Entregarase un trofeo ao clube que acade a maior puntuación, atendendo á alínea c) do punto 6.1 sendo proclamado Campión da Liga Galega de Natación Benxamín.

ANEXO

AGRUPACIÓN PROVISORIA DE CLUBES PARA AS XORNADAS ZONAIŠ DA LIGA BENXAMÍN
TEMPADA 2011-2012

| XORNADAS | | |
|---------------------|-----------------|--------------------|
| Grupo 1 | Grupo 2 | Grupo 3 |
| CNCORUÑA | CNFERROL-ELINCO | CNGALAICO-SERCOYSA |
| CMARINAFERROL | AD FOGAR | CNPOURENSE |
| CNALBATROS | ADNNARON | CNPORTAMIÑÁLUGO |
| C DEL MAR | CFVLUGO | CNREDONDELA |
| CNBOIRO | CNPONTEAREAS | CN VILAGARCIA |
| CDN CIDADE SANTIAGO | CNXOVE | CNMOS |
| USC | CN ARTEIXO | CN SANXENXO |
| CNARZUA | CNMONFORTE | CT CODESAL |
| RCNVIGO | AD LICEO | |

A Coruña, 8 de Xullo de 2011

Secretaría Xeral FEGAN